

*Coordenadas Incertas* é o título do proxecto, realizado expresamente para a Fundación Laxeiro, que presenta o colectivo AlNorte. Cada unha das artistas participantes propón unha reflexión poética, mediante a fotografía e o vídeo, arredor das referencias espaciais que nos sitúan nunhas coordenadas a partir das que nos situamos fisicamente no mundo.

**—Como naceu AlNorte? Cales son as súas características, cales os obxectivos, os sinais de identidade, etc?**

—O Colectivo AlNorte nace no ano 2013 a partir dunha exposición conxunta de fotografía; ao remate da mesma, Raquel Calviño decide falar coas fotógrafas que máis lle gustaron para expoñer no Casino de Pontevedra. Despois desta mostra, Raquel, Cristina Brea, Paula Pez e mais eu decidimos darlle continuidade ao proxecto o cal, poderíamos dicir, ten como obxectivo pferer a nosa visión, ou a nosa interpretación fotográfica, de distintos temas ou ideas nas que nos interesa traballar, como foi o caso das nosas anteriores exposicións: Cuaderno de ejercicios para poetas visuales (2015) e El otro yo (2018).

**—Que é o que une o traballo artístico das catro componentes do colectivo?**

—Cando sentimos a necesidade de mostrar os nosos traballos, facemos unha reunión sobre como nos vai a vida e falamos sobre o que estamos facendo individualmente; de aí saen ideas dos temas que podemos tratar dende diferentes puntos de vista; o que une os nosos traballos é a "ideamente" que se traballará en cada exposición.

**—Como foi o proceso de creación de *Coordenadas Incertas*, o proxecto que presentan na Fundación Laxeiro?**

—O proxecto tiña xa data de realización dende principios de ano, cando se lle presentou a proposta á Fundación. A partir de aí pensouse na idea de facer un traballo persoal baseándonos en que somos catro fotógrafas moi diferentes no tratamento dos temas. Ás veces, cando nos xuntamos para analizar as nosas expo-

De esquerda a dereita: Paula Pez, Cristina Brea, Raquel Calviño e Rita Ibarretxe.



sións, quedamos bastante sorprendidas de como un mesmo tema pode ter catro versións tan distintas!, pero

pensamos que diso precisamente se trata. Os puntos cardinais son catro, coma nós, e todos moi diferentes entre si aínda que comple-

mentarios, así que nos veu moi ben explorar a posibilidade de facer cada unha, unha interpretación de cada un deles.

**—Por que o título de *Coordenadas Incertas*?**

—*Coordenadas Incertas*

Rita Ibarretxe - FOTÓGRAFA

## “A creación artística é sempre un proceso incerto”

Rita Ibarretxe é a comisaria da mostra *Coordenadas Incertas* do colectivo AlNorte, constituído, ademais de por ela mesma, por Paula Pez, Cristina Brea e Raquel Calviño. A exposición permanecerá aberta deica o próximo 24 de xaneiro na Fundación Laxeiro de Vigo.

LOURDES VARELA

“Non nos preocupa que o noso traballo sexa ou non vangardista; o que importa é que chegue ao público”

lle parece que resulta vangardista ou non...; iso xa é segundo a subxectividade do espectador.

**—Como leva Vde. o de ser comisaria e, ao tempo, artista participante en *Coordenadas Incertas*?**

—O traballo de comisariado é sempre un traballo a maiores que adotamos levar Raquel Calviño e mais eu. Normalmente é unha carga de traballo moi grande porque, aparte do teu, debes estar pendente de que se cumpran os prazos de todo o que rodea unha exposición: orzamentos, montaxe, encargo dos vinilos onde van os textos, catering, se o hai, difusión, etc. A miña experiencia como comisaria do Outono Fotográfico servíume de moito, pero iso non quita que a comisaria sexa responsable de moitas cousas que, se están mal xestionadas, poidan influír negativamente no traballo e, polo tanto, sexa todo moito máis estresante.

**—Todas Vdes. traballan no eido da fotografía artística: Que elementos ten que reunir unha fotografía para ser considerada unha obra de arte?**

—Aquí probablemente podería haber moitísimas respostas, pero penso que unha boa obra de arte sempre debe resultar o reflexo do mundo interior do creador, sen a necesidade de ser algo distinto do que realmente é. E obra de arte tamén é aquela que nos abre novos campos de visión e de pensamento, capaz de transmitir perfectamente o que quere transmitir ao espectador. Pero isto é, claro, unha opinión persoal.

fala dunha busca na que se percorren dous camiños: un deles é a procura cara ao interior que fai un autor para sacar adiante unha obra persoal e honesta consigo mesmo; e o outro é o proceso creativo de seu, porque cando traballas sobre una idea, podes empezar, no noso caso, por unha Foto A que remata sendo a Foto Z da exposición. Polo tanto poderíamos resumir que a creación sempre é un camiño incerto e que nada é tan incerto como a propia busca.

**—Consideran que o seu traballo, en conxunto, podería calificarse de vangardístico, ou iso é algo que non lles preocupa?**

—Non sei se o noso traballo pode calificarse realmente de vangardista. En todo caso, a nós o que nos preocupa e que o traballo interese e que chegue ao público; despois se a alguén